



# A BUXAINA



## A CLASE DE 4º DE INFANTIL NO CURSO 2013-2014

iii OLA !!!      iii BENVIDOS !!!

ESTE É O PRIMEIRO ANO NO COLEXIO DOS MENOS E NENAS DE 4º CURSO DE INFANTIL E ESTAMOS A DESCUBRIR MOITAS COUSAS

### XOGAMOS EN CLASE



DEBUXAMOS



LEEMOS CONTOS




DE PIC-NIC



### XOGAMOS NO PARQUE



PERO NESTA VIDA NON TODO É XOGAR E, NESTE PRIMEIRO TRIMESTRE NOS INICIAMOS NO MÁXICO MUNDO DA LECTURA E ESCRITURA A PARTIR DOS NÓS OS NOMES.







NO SEGUNDO TRIMÉSTRE ABRIMOS A PORTA AO COÑECEMENTO E IMAXINACIÓN POR MEDIO DUN PROXECTO DE "JOAN MIRÓ" TRANSFORMANDONOS EN ARTISTAS.



XOGAMOS COAS CORES FAVORITAS DE MIRÓ: VERMELLO, NEGRO, AZUL, AMARELO E VERDE.



FIXEMOS ESTAMPACIÓNS DE DEDOS, DE MANS.

DEBUXAMOS ESTRELAS, ESPIRAIS, LÚAS DOURADAS, SOLES VERMELLOS...

E MESMO FIXEMOS AS NOSAS PROPIAS VERSIÓNS E INTERPRETACIÓNS DE CADROS E ESCULTURAS DE MIRÓ:

\* MULLER, PAXARO E ESTRELA \*



"A CARICIA DUN PAXARO"



E MOITAS OUTRAS :



"NEN"



"PERSONAXE"



"BAILARINA"





NO TERCEIRO TRIMESTRE NOS CONVERTIMOS EN INVESTIGADORES ECOLOXISTAS:

CONSTRUIMOS UNS TERRARIOS NOS QUE TEMOS "CARACOIS" E ESTAMOS APRENDENDO MOITAS COUSAS SOBRE ELES.




SON MOLUSCOS (TEÑEN CUNCHA) , POÑEN OVOS (E NOS PENSABAMOS QUE NACÍAN DA BARRISA DA MAMÁ), SON HERVIBOROS ( TODOS OS DÍAS O ENCARGADO DA CLASE LLES TRAE ALGO PARA COMER, E FIXONOS MOITA GRACIA QUE A COR DA CACA DEPENDÍA DO QUE COMIAN)

TAMEN, AO LONGO DO CURSO FIXEMOS:

TALLERES DE COCIÑA

PRÉSTAMOS DA BIBLIOTECA



PLANTAMOS COLES E GENORIAS NO HORTO DO COLEXIO





# 4 anos

DURANTE O PRIMEIRO TRIMESTRE TRABALLAMOS DE FORMA CONXUNTA COA CLASE DE 5 ANOS NO PROXECTO "O MEU PAÍS!"



Pegamos as nosas fotos no nome da nosa cidade.



Fixemos a bandeira galega.



Tamén a bandeira española coas pegadas das nosas masns.



Recortamos os produtos típicos da nosa comunidaae.



Presentamos os nosos traballos na entrada de Infantil.





DURANTE O SEGUNDO TRIMESTRE TRABALLAMOS O PROXECTO DO CORPO HUMANO! APRENDIMOS MOITO, XA COÑECEMOS OS NOMES DOS OSOS, ÓRGANOS..... E TAMÉN...



PESÁMONOS NUNHA BÁSCULA



MEDÍMONOS



E FIXEMOS MOITAS MÁIS ACTIVIDADES! ENTRE ELAS A DA CONSTRUCCIÓN DUN ESQUELETO!





DURANTE O TERCEIRO TRIMESTRE TRABALLAMOS UN PROXECTO RELACIONADO COS VOLCÁNS!



Coñecemos as rocas volcánicas que ...



... nos trouxo Merce do Teide.



Comezamos a facer os nosos ...



...volcáns.

Distribuímonos en pequenos grupos para pintar os volcáns, disfrutamos moitísimo! Así quedaron os nosos volcáns, moi pronto porducirase a ERUPCIÓN!!!







OUTRAS ACTIVIDADES

FIXEMOS UNHA EXCURSIÓN AO MERCADO DA MAGADALENA DE FERROL!!



PLANTAMOS UN LIMOEIRO NO DÍA DA ÁRBORE



ENCANTOUNOS A EXCURSIÓN AO ZOO DE MARCELLE







A CLASE DE 5 ANOS DO CURSO 2013-2014

ESTE CURSO NA NOSA AULA FIXEMOS MOITÍSIMAS COUSAS. MIRADE MOI ATENTOS. ADEMAIS DE APRENDER, PASÁMOLO MOI BEN



NO PRIMEIRO TRIMESTRE DECIDIMOS CONVERTIRNOS EN ARTÍSTAS COMO KANDINSKY, ANDY WARHOL, LEANDRO LAMAS E ARCHIMBOLDO. ISTO ADEMAIS VALEUNOS PARA POÑER OS NOMES AOS NOSOS EQUIPOS DE TRABALLO.

E LOGO DEBUXAMOS ADEMAIS... FIXEMOS O NOSO AUTORETRATO




ARTE POP

E, COA FROITA, FIXEMOS UNHA RICA MACEDONIA



E TODO O NOSO TRABALLO QUEDOU ASÍ DE BEN....







GÚSTANOS MOITÍSIMO LER, ASÍ, NESTE 2º TRIMESTRE TRABALLAMOS ALGÚNS CONTOS

TRABALLAMOS POR PARELLAS


EN PEQUENO GRUPO




COMPOÑEMOS PALABRAS DAS PERSONAXES DO CONTO



E MOITAS ACTIVIDADES MAIS...



O CONTO TITULASE:  
 O CHIBO ORO  
 OS PROTAGONISTAS SON:  
 ☆ O CHIBO CHIBÓN PELOSO  
 ☆ O CHIBO CHIBÓN MEIADO  
 ☆ O CHIBO CHIBÓN QANE  
 ☆ E O ORO



TRABALLAMOS PARA ELABORAR OS NOSOS DISFRACES



ESTE FOI O RESULTADO. GUAPOS!!





NO TERCEIRO TRIMESTRE INVESTIGAMOS SOBRE O CIRCO, E APRENDIMOS MOITAS COUSAS DE XEOMETRÍA


INVESTIGAMOS A MONDRIÁN. VIMOS QUE UTILIZA LINEAS VERTICAIS E HORIZONTAIS. E AS CORES QUE MAIS USA SON AS PRIMARIAS




PUXÉMONOS MAN A OBRA. E O RESULTADO FOI FANTÁSTICO. ASI QUE ..... TAMÉN DEBUXAMOS FIGURAS XEOMÉTRICAS. LOGO AS PINTAMOS.



CADA EQUIPO FIXO A SÚA COMPOSICIÓN, LOGO A DEBUXAMOS E A PINTAMOS...



XOGAMOS CO XEOPLANO. FIXEMOS MOITAS FIGURAS XEOMÉTRICAS. QUE BEN O PASAMOS!!!!!!!!!!!!









PERO ADEMAIS FIXEMOS MOITAS MÁIS COUSAS, ESTE É UN EXEMPLO DELAS:



PROXECTOS ANUAIS DE TODO O COLE: METEOESCOLA



XOGANDO NOS RECUNCHOS



REMATAMOS O CURSO INDO DE EXCURSIÓN A MARCELLE. FOI XENIAL







Os nenos e nenas de primeiro, empezamos o primeiro día saúdandonos e contando a historia dun xigante que quería ir ao colexio e non o deixaban porque era diferente.

Había un neno e unha nena novos. A nena viña de As Illas Canarias. Investigamos sobre as illas... e chegamos aos piratas

¡Que historia máis chula inventamos!




E fixemos as Galletas secas para piratas:

Estivemos moi pendentes do tempo porque... Somos os detectives do clima.






Chegou o Outono e o Samaín



Despois o inverno e cociñamos, galletas de inverno



Para o Día da Paz fixemos unhas pombas moi coloridas... e para o Día do pobo xitano unhas cariñas moi divertidas.



No Entroido saiu o sol, ¡por fin!







Un día apareceu na clase un veterinario que nos axudou a investigar sobre os coidados dos animais. No Acuario tamén aprendemos cousas dos animais mariños e tamén na charla do papá de Merce.



Despois investigamos sobre as plantas. Xa naceran as sementes que prantamos no outono

Puxémolas azuis, vermellas... E prantamos a nosa pereira no patio



Coidamos o noso horto e coidamos aos vermes da seda.







Máis animais... No teatro Jofre vimos unha obra de teatro na que había polvos, congros, sardiñas...



E rematamos cun aplauso moi, moi grande para os papás e mamás...

**Moitas grazas!!!!**



**Que casiña máis chula!**



2º curso do 1º Ciclo de Educación Primaria

Neste curso 2013 -2014 continuamos a traballar nos proxectos iniciados no curso pasado como as Meteoescolas, seguindo a tomar os datos do tempo, ou Recicla con Sogama seguimos a traballar o reciclado, coñecemos que cousas poder ir en cada colector, así temos colectores para papel, para plásticos e iogures..., separamos os residuos orgánicos para facer compós que logo empregamos no horto da escola, tamén o aluminio que logo se leva para un reciclado especial e recolleemos os tapóns plásticos para unhas campañas solidarias. Todo ilo nos axuda a comprender que nos temos moito que dicir para manter un mundo moito máis limpo e mellor, un mundo onde coa nosa colaboración non se esgoten tan rapidamente recursos.



Medindo os datos do clima.







Ao longo deste curso realizamos varias saídas educativas




Ao Teatro Jofre para ver a película Veciños Invasores.

Volvemos ao teatro Jofre para ver O Sono dunha Noite de San Xoán.



Durante o segundo trimestre fixemos unha visita aos museos científicos coruñeses: Ao Acuario Finisterrae, Casa das Ciencias, Domus.

En maio fomos ver no teatro Jofre a obra de teatro "acuario"



"Acuario" Yuan







Fixemos un proxecto sobre as plantas



E por suposto participamos nas diferentes celebracións realizadas no colexio, Magosto, Samaín, Entroido, Día da Paz, Día Internacional do Pobo Xitano, Día da Muller Traballadora, Día das Letras Galegas...



Plantamos unha árbore, no patio do colexio.





### Recordo que...



Recordo cando foi o primeiro día de clase. Comecéi co meu amigo Samuel, tocamos a miña profe Sandra e vin os meus amigos Adrián e Nicolás. Sentámonos nas sillas e colocamos o material de reposto na caixa, e collín un lapis e unha goma para escribir e delinear cousas e no recreo divertímonos moito. Ese día foi divertido.

David

Recordo cando fun a Santiago de Compostela. Vin unha exposición dunhas tribus que vivían nun río, o río Orinolo. Vin moitas cousas como bolsos, xcois, zapatos, cosas de madeira, canoas e artificios. E paseino moi ben.

Paula



Recordo cando en matemáticas fixemos as táboas de multiplicar. Encantáronme porque nos fixemos a nós mesmos. Todos os parámonos moi ben. Cando as rematamos a profe plastificounas e pedas deun a nós para estudar con elas. Ese día foi moi divertido.

Kaira

Recordo cando celebramos o Entróida. Nesta festa disfracámonos de antición e barrasca e dimos unha volta a laranxa. Logo quísimos a Meco e comimos orellas e leite cos nosos profesores e os nosos pais. E paseino moi ben.

Niña







Recordo cando celebramos o magosto no colelixo e comíamos castañas, bailamos e xogamos. E os profes choraron coas maís e os pais. Paseino xenial.

José



Recordo cando plantamos as patatas na horta. Limpamos a terra e reaproveitamos a palla para meter as patatas. Logo botamos auga encima da palla para regalar. Despois de plantalos uns ourizocochos coméronos algunhas patatas. Paseino moi ben.

ESTRELLA



Recordo cando plantamos as patatas na horta. Plantámoles en palla. Cada un plantou tres patatas máis ou menos. Fixemos buracos para meter as patatas neles. Uns días despois uns ourizocochos comerónse as patatas. Menos mal que deixaron algunhas! Ese día paseino xenial.

Adrián B.

Recordo cando fixemos o mosaico. Colliamos unha cartolina e debuxamos o debuxo que quixemos, e logo retallamos trociños de papel de revista e os pegamos no mosaico ata cubri-lo del todo. Ao rematar cubrímo-lo de alquid. Quedaron moi bonitos. Paseino moi ben.







Páxina a cargo do grupo de 3º E.P.

Recordo cando fun a recoller o premio de poesía e imaxe. Moitos coles de ferrol foron alí para recoller o debuxo e os premios. E cando me chamaron púscenme colorada. Tamén me deron un conto moi fermoso e eu descubrí o que era un avroaz. O debuxo que me deron colgueino na miña casa. Tamén fi miña amiga e nos sacaron unhas fotos e miña profesora púscose moi contenta e a miña nai tamén. Ese día paseino moi ben. Yanira Prado



Recordo cando fíxemos os testamento do Meco. Primeiro fixemos rimas na pantalla dixital fixamos rimas para todos os cursos e a todas as profesoras. Despois baixamos ao salón de actos e me subín ao escenario. Búxonme toda colorada porque había moita xente pero saín xental. CINTHIA

Recordo cando celebramos o día das letras galegas. Encantoume porque fixemos unha ximama con moitas probas. A que máis me gustou foi a do poema de Ramón Cabanillas porque tiñamos que ordenar e decorar o poema. E a que non me gustou foi unha na que tiñamos que facer comida de mentira. Ese día foi divertidísimo. Samuel



Fuimos á piscina e o que máis me gustou foi que algúns e algunhas nenos non sabíamos nadar pero aprendemos e nos divertimos moito.





Agora un reto: quen é quen?





Recordo que nas clases de Plástica temos feito moitas cousas como as caixas, e o trapillo que me encantou. Tamén fixemos un lipdub. Era moi divertido. Eu e a miña clase faciamos un exame de mentira e cando chegaba a cámara tirabamos os folios. Logo colliamos cintas de cores para que a cámara pasara entre elas. Era moi divertido. Tamén fumos á horta para prantar moitas cousas como por exemplo: amorodos, faba loba, tomate cherry, repolos, etc...

Carolina Agulló López 4º



Recordo neste curso cando fixemos as caixas con Piedade e Estrela, foi un pouco difícil. Tamén cando fixemos a obra de teatro "A man da filla" porque eu era garda.

Yaisa Leirachá Prados 4º

Recordo que neste curso fixemos Coñecemento do Medio. A min gustoume o tema da Poboación. Matemáticas tamén me gustou porque aprendín a dividir. Gustoume celebrar o 8 de Abril, Día do Pobo Xitano, porque me gusta como cantan. Tamén aprendín a facer cadeneta e unha caixa de reciclaxe. No Día da Paz cantamos dúas cancións "No dudaría" e "Somos unha marea de xente". Nas clases de Música nos divertimos moito.

Samanta Bach Carneiro 4º



Recordo que deste curso o que máis me gustou foron as clases de trapillo. Tamén ir á piscina, facer teatro e unha caixa de reciclaxe.

Rosalía Pico Ces 4º

Recordo que neste curso estudamos Matemáticas. A min me gusta porque sei divisións, restas e sumas. Tamén Língua porque facemos sopa de letras e poesias.

Nicolás Dual Dual 4º







Recordo neste curso que fixen unha caixa moi difícil que non podía pegar as tapiñas do iogurte. A min gústame moito Plástica porque din que teño moita imaxinación. Tamén me gustou gravar o lipdub porque din que bailo "coma os anxos". Espero que a vós vos guste tanto este colexio coma a min. Bicos.

Yanela Pouso Tojeiro 4º

Recordo que este curso foi moi divertido estar cos compañeiros e compañeiras da clase. Gustoume cando viñeron Piedade e Estrela e fixemos a caixa de reciclaxe. Tamén as clases de Música porque bailamos. Fixemos un lipdub e eu saio dando reviravoltas laterais.

Ainhoa Cobelo Domingo 4º

Recordo que neste curso aprendemos moitas cousas. O que máis me gustou foi a caixa de reciclaxe e o lipdub que mola moito. Gravámolo o dous de xuño e pasámolo xenial. Eu e dúas amigas tiñamos que facer reviravoltas laterais, e as fixemos moi ben.

Andrea Vázquez Salazar 4º



Recordo neste curso cando fixemos matemáticas con Antonio, e estudamos esas restas que inventou el, e cando aprendemos a dividir por dúas cifras. Tamén me gustou Coñecemento do Medio, os temas do relevo e da enerxía. Tamén me gustou a "Hora de ler", o "8 de Abril, Día do Pobo Xitano", e o Día da Paz.

Daniel Melcón Otero 4º



Recordo neste curso cando fixemos a caixa de reciclaxe. Tamén as clases de trapillo con Montse. Estudando Coñecemento gustáronme os temas dos municipios e concellos. Logo tamén facer teatro, interpretando "A man da filla". Os ensaios de Lipdub foron moi divertidos. Tamén me gustou o Día da Paz e, o meu favorito, claro, o caderniño de Lingua Galega

Candela Fernández Paz 4º.



O que máis recordo deste curso son as Matemáticas. Gustáronme moitísimo! Namoreime das Matemáticas, coas divisións, fraccións, multiplicacións e as raíces cadradas, aínda que na clase non as estudamos. Tamén me gustaron os caligramas e cando veu Piedade e a súa filla Estrela. Este curso encantoume!

Antonio Márquez Salazar 4º



Recordo cando neste curso fixemos trapillo con Montse e tamén as caixas recicladas. Era moi difícil porque había que pegar e pintar sen saírse nin un pouco! Tamén me gustaron os ensaios do lipdub. Eu saio con Samanta e Candela tocando a pandeireta.

Sandra López Prados 4




Recordo cando neste curso fixemos trapillo con Montse. Gustoume porque nos aprendeu primeiro a facer cadeneta, logo a facer cadrados e tamén un estoxo. Gustoume tamén o lipdub porque eu saio rapeando.

Abraham Gabarre Gabarres 4º



Recordo cando neste curso fixemos "trapillo" con Montse. Gustoume moito porque aprendín a facer bolsos de "trapillo". Tamén o lipdub porque me gusta moito bailar e cantar. Outra cousa que me gustou foi aprender a facer a caixa con material reciclado, con Estrela e Piedade. E a hora de ler, porque son moi lectora.

Icía Bregua Domingo 4º







Recordo as clases de Música, polos bailes tan “guais” que fixemos. Tamén me gustaron moito as actividades de Inglés, e as de Lingua, polos encrucillados, adiviñas, etc... tamén me gustou ir á piscina todos os luns. Pero unha das cousas que máis me gustou de todo o curso foi o lipdub. Eu fago que escribo un exame e logo saio bailando coas cintas de cores.

Silvana Jiménez Jiménez 4º

Recordo deste curso cando fixemos a caixa con material reciclado, pero foi moi difícil porque tiñamos que pegar moitos papeis. Tamén me gustou gravar o lipdub, porque hai moita música, hai que cantar, e me gustou facer de rapeiro. Outra cousa que me gustou foi o teatro. Fixemos tres obras: O Gaiteiro e o Ratiño, A Cebra Camila e A Man da Filla. Eu fun técnico de son e me gustou moito.

Bruno Rodríguez Jiménes 4º



Recordo cando neste curso estudamos Inglés, porque as cancións eran moi divertidas. Na piscina tamén aprendemos a nadar. En Educación Física os xogos que faciamos eran moi divertidos. No lipdaub eu saía de rapeiro.

Edgar Pardavila Romero 4º

Recordo cando neste curso xogamos e aprendimos a nadar na piscina. Tamén o lipdub, porque eu facía de rapeiro.

Pablo Rey Pazos 4



Recordo neste curso cando fixemos trapillo con Montse. Tamén a caixa con Estrela e Piedade, aínda que foi moi cansino. No lipdub saio tocando a batería.

Xiao Ces Sedes 4º





COMO FIXEMOS O MECO 2014

A construción do Meco encantoume porque o fixemos todos os nenos e nenas de 5º. Levou moito tempo pero quedou moi ben e gustoume moito.

Noemi



Gustoume porque o pasei ben pintando os coches e quedaron ben bonitos. Foi moi divertido!

Jose .



Pareceume divertidísimo pegar as ventás na fábrica contaminante e poñer algodón no Meco, xa que representaba o desxeo dos polos. Gustoume moito facelo.

Ainhoa



O Meco foi moi divertido porque pintamos os coches, fixemos as pingas de auga e ao planeta Terra co Polo Norte.

Sinay



Gustoume o Meco porque o fixemos de cartón.

David







Gustoume moito porque é divertido facer actividades con pinturas e manualidades.

Xam

A elaboración do Meco foi divertido e o Meco quedou xenial.

Adrián.



Paseino xenial facendo o Meco. Tardamos bastante en facelo, pero mereceu a pena porque quedou espectacular!

Óscar

A min gustoume o Meco porque o pasei moi ben facéndoo e escribir as consecuencias do Cambio climático.

Joám.




A min gustoume moito porque o pasei moi ben. Fixen moitas cousas e traballei moito.

Nerea.





TRABALLAMOS O TEMPO POR CIDADES: FERROL, LUGO, OURENSE E VIGO



Molou moito e tamén foi divertido traballar por equipos.  
Ainhoa.

Gustoume moito porque aprendín que en Ourense, o meu equipo, dábanse as temperaturas máis altas de Galicia.  
Nerea.

Pareceume moi ben traballar o Tempo e así sabíamos cando facía sol ou non. Tamén facer as gráficas.  
Noemi.

Gustoume moito traballar o Tempo por cidades porque hai que estar moi atento e coller os ordenadores para mirar o tempo en MeteoGalicia.  
Sinay

Gustoume moito porque é divertido buscar información nos portátiles e atopar os valores das temperaturas e a cobertura do ceo.  
Xám.



Gustoume porque sabía o Tempo que facía mañá ou hoxe mesmo, entón xa o sabía.  
Jose.

Gústame moito facer o Tempo porque aprendín que na miña cidade, Ourense, ten as temperaturas máis altas.  
Óscar.







Paseino moi ben. Gustoume cando as temperaturas subían e baixaban moito. Tamén debuxar a cobertura do ceo e buscar no ordenador de clase.

Adrián.

Gustoume moito porque aprendín moitas cousas e @s compañeir@s axudáronme e explicábanme.

David




Gustoume porque aprendemos moitas cousas do Tempo.

Amanda



A min gustoume o traballo do Tempo porque me gustou o meu equipo, falabamos de cousas, traballamos en equipo e aprendín moitas cousas sobre o Tempo.

Joám.






Eu chámome Alejandro e teño moitos amigos. Estiven en moitos colexios pero lémbrome máis do Recimil onde tiña moitos amigos que xogaban ao fútbol e ao baloncesto. Este colexio onde estou agora é moi bonito e gústame moito. Tamén fixen amigos/as e ademais me quedo ao comedor.



Son Andrea e levo neste colexio dende terceiro. Antes fun a outro e os meus amigos e profesores eran moi bos. Foi un pouco difícil cambiar de colexio sen saber como serían os meus profesores e os meus compañeiros, pero cando cheguei a este cole, fixen aínda máis amigos e encariñeime moito con eles, aínda encima fixen amigos de todos os cursos e os meus profesores foron moi bos. Aprendín moito neste colexio. Botarei de menos aos meus profesores, sobre todo a Teacher (Xoán), Pili e Maribel.



Chámome Alexandre Pérez e nacín en Ferrol, o 12 de novembro de 2002. Cando estaba en tres e catro anos xogaba e pintaba todos os días. Durante os tres primeiros anos o colexio non me gustaba pero despois a partir de 1º de Primaria empezou a gustarme. En 2º aprendín a sumar e restar. En 3º ensinaronme a multiplicar e as primeiras táboas, en 4º seguín aprendendo táboas, en 5º ensinaronme a raíz cadrada e en sexto disfrutei cos meus amigos e amigas. Nestes anos paseino xenial e gustoume moito este colexio.

Eu son Adán un neno ao que de pequeno lle decían sempre que era moi listo porque traballaba, escribía, coloreaba e lía moi ben. Empecei a escola cando tiña tres anos no colexio Manuel Masdías e agora xa estou en sexto, estes anos pasaron voando. Agora xa me vou do colexio e estrañareino moito, sobre todo aos compañeiros/as e aos profesores/as. Aos que máis estrañarei serán: Pili, Óscar, Olga e Teacher (Xoán). Seguramente o último día chorarei porque son moi sensible. A miña despedida será cando xogemos o partido dos alumnos/as contra profesores/as. Faríame ilusión gañar! Ata sempre



Son Csaba, teño trece anos e gústame ir á escola. Non son moi estudoso pero consigo aprobar. Non repetín ningún curso. Tódolos cursos aprendín moito agás en terceiro. Eu son Húngaro, cheguei a Galicia con oito anos xa que fun adoptado polos meus pais adoptivos. Cando foron a recollerme pasei por moitos países ata chegar aquí, Italia, Francia. Eu tiña a ilusión de volver para coñecer a miña familia biolóxica pero agora penso que iso será case imposible.



Son Jeni e nacín o 25 de Setembro do ano 2002, teño 11 anos e vin a esta escola con 9. Cheguei para cursar cuarto de primaria. Gustoume moito vir aquí porque é un colexio alegre, divertido e no que te adaptas rápido. As excursións son divertidas e interesantes xa que aprendes moitas cousas. Os profes son divertidos, e os portátiles aínda máis. Por todo isto, gustaríame quedar estudando aquí para sempre.



É a hora de irnos do Manuel Masdías e eu, Jesús, quero despedirme do colexio. Teño cariño a todos os profesores/as pero especialmente a Xoán, o de inglés, e a miña titora este curso, Pili, porque xa o foi en E. Infantil e en 3º e 4º de Primaria e sempre me apoia moito. Téñolle moito afecto a este colexio no que levo estudando dende que tiña 3 anos.







Chámome Aridia, Ari, e teño 11 anos. Teño un irmán pequeno, de cinco anos, chamado Iago. Tamén teño un irmán maior chamado Isaac, que ten 20 anos.

A miña nai chámase Beatriz, pero todos a chaman Bea, ten 42 anos e traballa para alimentar aos seus fillos. O meu pai chámase Carlos, ten 45 anos e vive en Pontevedra, eu o boto moito de menos.

Ceguei a este colexio en 3º EP por problemas de traballo dos meus pais. O cambio, ao principio, foi triste porque lembraba os meus compañeiros/as de Pontevedra.

Dende 3º ata 4º estivo un neno chamado Kevin, en 5º EP tivo que irse para Inglaterra, despediuse de nós un día no colexio, todos choramos de emoción.

Vou a ir ao IES Ricardo Carballo Calero. Botarei de menos a todos os profes e sobre todo a Pili, a miña titora, que me animou moito. Tamén a teacher (Xoán) que valorou moito o meu esforzo, Ana, a de relixión, que a quero moito, a Maribel, Roberto e aos meus afillados lectores.

Tamén botarei de menos aos meus compañeiros/as, Lévome un gran recordo deste maravilhoso e encantador colexio. Ata logo Manuel Masdías.



Estimado colexio:

Chámome Patricia e teño 12 anos. Ceguei ao Masdías fai pouco xa que, en anos anteriores cambiei tres veces de colexio.

Durante os meus cambios de colexio fixen moitos amigos/as. Neste colexio a miña experiencia foi moi boa. Gustoume moito o día dos Maios, e cando bailamos a Danza dos Paus, que nos outros colexios non fixera.

A parte boa de cambiarse de colexio é que coñeces a moitos nenos/as que acaban sendo os teus amigos/as. Pero tamén hai unha parte mala, que é o día en que te cambias; sabes que, seguramente, non volverás a xogar cos teus compañeiros/as ou, aínda que pasaras bos momentos con eles, como aínda es pequeno/a, non te acordas máis adiante.



Eu chámome Roi e teño once anos e aínda que non levo moito tempo neste colexio gústame estar aquí.

Eu nacín na Coruña e dende os tres anos ata quinto de Primaria estiven no CEIP Rabadeira, gustoume moitísimo estar nese colexio. Ceguei ao Manuel Masdías para cursar sexto e tamén me sinto a gusto aquí. Estou desexando ir ao instituto.

Eu chámome Marcos e nacín no ano 2002.

Durante estes anos coñecín moita xente porque estiven en dous colexios, no Lestonac e no Masdías.

Lémbrome dunha vez cando fun de excursión, sendo máis pequeno, que montei nun cabalo.

No fin de curso pasado fun de excursión a Cantabria e puider visitar: Picos de Europa, Forestal Park, Cova do Soplao e Parque de Cabárceno.



Eu son Verónica (Vero) e teño 11 anos.

Hai tres razóns polas que vou botar moito de menos ao colexio.

A primeira é que estiven aquí dende os tres anos e paréceme un colexio moi bo no que calquera neno/a se adapta rapidamente.

A segunda razón é que algúns nenos/as da miña clase actual non van ao mesmo instituto que a maioría de nós e penso que os vou botar de menos.

A última razón é o aprecio que collín aos profesores/as que levo tendo durante estes nove anos no colexio, en especial a Pili, que é moi divertida, moi boa profesora e foi a miña titora en cuarto, quinto e sexto; a Teacher (Xoán) un gran profesor de inglés; e aínda que xa non estea ensinando no colexio, por terse xubilado, a Marga porque semella ser unha persoa moi alegre en todo momento.





Son Daniel e nacín o 13 de xullo de 2002.

En Educación Infantil tiña moitos amigos. Na clase había moitos xoguetes cos que entreterse, o recreo era longo e nunca tiña deberes.

Cando cheguei a primeiro de Primaria todo cambiou; tiña que facer deberes, estudar para os exames, esforzarme moito e eu non o facía. Agora estou en sexto e, por fin, me din conta que tiña que estudar para ter un futuro mellor.

Moitas apertas a todos e todas.



Eu chámome Isabella e levo no colexio Manuel Masdías dende 2º de Primaria.

Ao principio, non falaba con ninguén só con Samaria que se fixo amiga miña. despois dun tempo, fun amiga de Sabela e Verónica .

En 3º as cousas foron empeorando porque tiñamos unha profesora substituta coa que non o pasei ben. Un día tivo un accidente e mentres se recuperaba veu un profesor moi divertido que nos contaba historias. Un día, a Sabela, chamoulle "muelle" porque levantaba moito a man para responder e cando a Verónica lle daba un ataque de risa facía como que chamaba a unha ambulancia, era simpático.

En 4º e en 5º tiven a unha profesora chamada Pilar, a miña preferida. Cuarto pasou moi lento e quinto moi rápido. En quinto como excursión de fin de curso fun a Cantabria e paseino moi ben. Quero volver. Este ano estame pasando o tempo moi rápido. Gústanme as festas e os bailes que fago con Maribel , a xincana do Día das Letras Galegas , Os Maios e os ensaios do Lib dup.

Chámome Inés, teño 11 anos e levo dende os 3 no colexio Manuel Masdías.

En infantil todo foi fantástico, e tamén en primaria, pero infantil encantoume.

En 3 anos tiven de profesor a Óscar que nos ensinou a facer marionetas, foi xenial telo de profesor.

En 4 anos, tamén foi o noso profesor e fixemos cousas con barro.

En 5 anos a nosa profesora foi Montse, xa traballábase coas vogais e víamos vídeos.

En 1º eu estaba moi ilusionada porque xa había que subir escaleiras, a nosa profe chamábase Pilar Porto e con ela aprendimos as táboas de multiplicar.

En 2º tamen foi a nosa profesora, estudiamos un pouco dos romanos. No entroido disfrazámonos de romanos e viñeron 3 nenas\os novos que se chamaban Judit, Marcos e Csaba.

En 3º a nosa profe chamábase Luz e con ela aprendimos a debuxar o grito, de Munch. Tamén chegou un profe substituto, chamábase Jose. Cando marchou tiven moita pena poque era super gracioso. Entraron outros compañeiros/as como Andrea, Aridia e Kevin.

En 4º tivemos de profesora a Pili que seguiu sendo a miña titora en 5º e 6º. Aprendo moitas cousas con ela.

Nestes cursos chegaron Jenifer, Roi e os dous Alex.

Pili é moi boa, traballou moito conmigo para que aprendera a dividir. Me encanta tela de profesora.

Sexto foi o curso que máis me gustou porque fixemos a xincana e nós éramos os xefes, en 6º xa somos os maiores.

Nunca esqueceré este colexio porque aquí son moi feliz e todos/as se portan moi ben conmigo, sobre todo Pili e





Chámome Sabela, e levo neste colexio dende os tres anos, esta escola gústame moito porque facemos cousas moi divertidas. Cando eu iba en tres e catro anos o meu profesor foi Oscar, o director. O primeiro día non foi moi divertido para min, pero, ao cabo do tempo, funme acostumando. Facíamos cousas moi divertidas como cerámica e manualidades. En cinco anos, a miña profesora foi Montse, o que facíamos era traballar en fichas pero tamén víamos vídeos que ela nos poñía no ordenador. En primeiro e segundo, a miña profesora foi Pilar Porto, ela nos ensinou moitas cousas, sobre todo sobre a cultura romana. En terceiro, a miña profesora foi Luz, que era a substituta. Non me gustou moito a miña experiencia con ela, xa que non aprendín case nada. Cando estivo de baixa veu un profesor chamado José, era moi divertido, en clase de lingua galega se non falábase en galego nos poñía tarxeta amarela e se sumábase tres nos poñía unha vermella. Ao final, a profesora volveu e todos choramos porque o botaríamos de menos. En cuarto, quinto e sexto, a miña profesora foi Pilar Seoane, con ela en cuarto recuperamos o tempo perdido. En quinto fomos de viaxe de fin de curso a Cantabria, gustoume a experiencia pero non demasiado. As súas clases son moi divertidas, rímonos moito, e o máis importante é que aprendemos moito mentres nos divertimos. Botarei de menos a todos os profesores e profesoras que me deron clase ata o día de hoxe, a todos os conserxes que son tan traballadores e a os compañeiros/as que van a outros centros.



Ola, chámome Samaria e como é a última vez que vou escribir nesta revista, vou falar un pouco sobre min. Levo no colexio dende os tres anos. Ao principio, choraba un pouco porque non coñecía a ninguén e, home... Tamén porque era pequena. En primeiro sentíame un pouco soñada porque os meus compañeiros/as sempre estaban xuntos/as e eu non me atreía a falar con eles, pero pouco a pouco sentíame máis a gusto. En cuarto estaba moi asustada, porque os nenos/as doutros cursos metíanme medo dicíndome que era moi difícil, pero eu sentíame segura e así cheguei a quinto moi contenta. Agora, estou rematando sexto e penso que nunca me olvidarei desta escola. Dáme moita tristeza que despois de tantos anos xuntos algúns nos vaíamos a separar. Non esqueceréi nunca aos meus profesores/as, os quero moito; Oscar, Pili, Maribel, Xoán (teacher), Roberto e aínda que xa non estea aquí, tamén quero e quererei sempre a Jose, o que nos deu clase en terceiro. Un bico e unha aperta.

Nacín no ano 2002, chámome Judit Iglesias Amoedo, xa me coñecedes. Teño dous irmáns, Desi, a maior, e Marcos, o meu mellizo, aínda que non se parece a min e non nos levamos moi ben. Cheguei ao Manuel Masdías en segundo de primaria. Xa o primeiro día tiven moitos amigos e amigas. Nos seguintes días fixen moitas travesuras pero conseguín adaptarme e portarme ben. En terceiro, cuarto e quinto de Primaria o pasei moi ben. Agora xa teño 12 anos e vou en sexto de Primaria. Son un pouco rebelde e atrevida. Gústame moito a Educación Física e todas as linguas. Tamén me gusta o brulé, o baloncesto, o fútbol e os retos ou desafíos cos meus amigos e sobre todo, co meu irmán. Nunca me olvidarei dos meus profesores e profesoras. Un bico e unha aperta para todos/as.





Como anos anteriores na nosa biblioteca fixemos actividades diversas nas que participou o profesorado e alumnado do colexio e por suposto a nosa mascota Florisoleira. Tivemos a visita de Abraham Carreiro para falar do seu libro "Xoeliqui", actividade para o alumnado de 5 e 6 curso.




Fixemos murais para conmemorar o Día dos Dereitos da Infancia, 8 de abril o Día Internacional do Pobo Xitano onde o alumnado tiña que investigar e responder a unhas preguntas. O fixeron moi ben e aprenderon sobre os seus dereitos e coñeceron algo máis sobre o pobo xitano. Fixemos exposicións sobre libros de medo polo Samaín, libros de Nadal, exposición de novidades...









Fixemos murais para conmemorar o Día dos Dereitos da Infancia, 8 de abril o Día Internacional do Pobo Xitano onde o alumnado tiña que investigar e responder a unhas preguntas. O fixeron moi ben e aprenderon sobre os seus dereitos e coñeceron algo máis sobre o pobo xitano. Fixemos exposicións sobre libros de medo polo Samaín, libros de Nadal, exposición de novidades...





Cada trimestre foi elixido o alumno/a máis lector, este curso foi David Gutiérrez, un auténtico devorador de libros e como recompensa Florisoleira doulle libros e outras agasallos. Os desafíos matemáticos por distintos niveis foron moi participativos.

Florisoleira quiere agradecer a todos e todas a colaboración coa biblioteca e unha mención moi especial para o alumnado voluntario colaborador, MOITAS GRAZAS: Noemí, Óscar, Jesús, Alex, Isabella, Roi, Adán, Samaria e Judith (alumnos e alumnas de 5º e 6º curso). Unha aperta moi forte para todos e todas.





WE CELEBRATE OUR BIRTHDAYS SINGING  
 FOR HE'S/ SHE'S A JOLLY GOOD FELLOW ( three times )  
 AND NOBODY CAN'T DENNY  
 AND SO SAY ALL OF US  
 HAPPY BIRTHDAY TO YOU ( TWICE )  
 HAPPY BIRTHDAY DEAR... HAPPY BIRTHDAY TO YOU








WHAT'S THE WEATHER LIKE?  
 IT IS SUNNY TODAY  
 IT IS CLOUDY TODAY  
 IT IS WINDY TODAY  
 IT IS RAINY TODAY  
 IT IS HOT TODAY ...





# OUR RULES:

- Don't run in class
- Don't chew gum in class
- Listen to the teacher
- Don't laugh at people in class



# Spelling Bee Winners:







# Singing and dancing in English class

INGLES



P  
Á  
X  
I  
N  
A



# O Masdías na internet

[http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmanuelmasdias/...](http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmanuelmasdias/)

**Ceip Manuel Masdías**

[Aula virtual](#) | [Galería](#) | [Portal educativo](#) | [Recursos Educativos](#) | [SEM Correo](#) | [Vídeos dinámicos](#) | [Xade](#)

[proxeda](#) | [contratos programa](#) | [PROXECTO ABALAR](#) | [NAVEGA con RUMBO](#)

Iniciar sesión: [Acceso](#) | **LETRAS GALEGAS 2014**

**O CENTRO**  
 • Dependencias (1)  
 • Horario (1)  
 • Localización (2)  
 • Organigrama (0)  
 • Secretaría (7)

**NO DÍA DAS LETRAS GALEGAS ACHEGÁMONOS Á NOSA LINGUA A TRAVÉS DA FIGURA DE XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO E OS SEUS POEMAS**

**ACTIVIDADE**  
 • Educación Infantil (34)  
 • Primeiro Ciclo (8)  
 • Segundo Ciclo (4)  
 • Tercero Ciclo (10)  
 • Música (14)  
 • Orientación (3)  
 • Educación Física (4)  
 • Inglés (16)

ESTAMOS TAMÉN NO FACEBOOK



<https://www.facebook.com/ceipmanuelmasdias>

**ESCOLA PÚBLICA: DE TODOS PARA TODOS**

**CEIP "Manuel Masdías"**  
Formación académica

+ Seguir | Compartir | ...

[Biografía](#) | [Información](#) | [Fotos](#) | [Me gusta](#) | [Más ▾](#)

PERSONAS > **77 Me gusta**

Estado | Foto / vídeo | **31** Evento, Hito +

¿Qué has estado haciendo?